

ACTA

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreiro González.

D. Alfonso Carril Guerra.

D^a. Aurora Varela Duro.

D. Miguel Angel Vallo Camba.

D. Andrés David Pérez Ferreira.

D^a. María del Pilar Castro Vallo.

D. Jesús García Rodríguez.

D. Alfonso Lodeiro Regueiro.

D^a Vanessa Quintela Pedreira.

D^a Evangelina María Orois Conde.

D^a. Begoña Balado Conde.

D. José Ignacio García Couso.

Secretario:

D. Juan Colmenares López Soldado.

Interventora:

D^a. Olga Castro Fernández.

En Arzúa, a 31 de maio de 2016.

Sendo as 20:10 horas, reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión extraordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a Orde do día desta sesión:

Punto 1º **LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 29 DE ABRIL DE 2016.**

O Sr. alcalde preguntou se algún membro da Corporación Local tiña que

formular algunha observación, con respecto a acta da sesión anterior.

Manifesta o Sr. García Couso (de CxG-CCTT) que na penúltima sesión, dentro do punto da Orde do día sobre Rogos e Preguntas, formulara unhas preguntas ao Sr. alcalde, as cales foron contestadas por escrito; e pregunta se esas respostas non deberían constar na acta que agora se somete a aprobación.

Requirido o secretario para que informe ao respecto, por dito funcionario se indica:

- Que, se o Sr. García Couso pedira que constasen en acta as respostas dadas polo Sr. alcalde, terían que figurar esas respostas na acta; e que se non se fixo constar foi porque se ven mantendo o costume, que houbo nas Corporacións anteriores, de non poñer nas actas as respostas que o alcalde facilitaba aos concelleiros.

- Que en consecuencia considera que, sempre que se pida, terán que constar na acta as respostas que o alcalde quedara en dar por escrito; aparte de que sexan facilitadas ao concelleiro que as fixo.

Tendo en conta a observación anterior, e non realizándose ningunha outra

observación, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a aprobación da acta da última sesión celebrada o día 29 de abril de 2016.

Adoptándose -por unanimidade dos trece membros asistentes que asistiron tamén a dita sesión- o acordo de aprobar dita acta.

Punto 2º) FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS, CON MOTIVO DAS ELECCIONS AO CONGRESO DOS DEPUTADOS E AO SENADO, DO DÍA 26 DE XUÑO DE 2016.

Polo secretario douse lectura do artigo 25 nº 1 e do artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, segundo a modificación realizada pola Lei Orgánica 2/2011 de 28 de xaneiro.

Acordandose –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- proceder á designación dos presidentes e vogais, titulares e suplentes, que integrarán cada unha das nove Mesas Electorais; tomando por base o censo electoral que foi facilitado polo Instituto Nacional de Estadística, utilizando para realizar o sorteo (refirido no nº 2 do artigo 26) o programa informático proporcionado pola Deputación Provincial, entre as persoas censadas na Sección correspondente, que fosen menores de setenta anos e que reúnan os requisitos necesarios para ser presidente ou vogal, segundo os casos:

Sendo o resultado do sorteo realizado o seguinte:

Sección Primeira: Mesa A

Titulares:

Presidente: Alba Andrade Vázquez

1º vogal: María Bernardez Fandiño

2º vogal: Arnau Esteve Navarro

Suplentes:

De presidente: Pilar Magdalena García Puente

De presidente: Enrique Montero Botana

De 1º vogal: Manuel Asorey Cacheda

De 1º vogal: Ana Castro Liñares

De 2º vogal: Katia Carrillo Vázquez

De 2º vogal: Jonathan Cendon González

Sección Primeira: Mesa B

Titulares:

Presidente: Patricia Regueiro Varela

1º vogal: Julieta Belen Pampín Basso

2º vogal: Alvaro Rodríguez Moscoso

Suplentes:

De presidente: Sergio Seoane Sánchez

De presidente: María Souto García

De 1º vogal: Laura Varela López

De 1º vogal: Javier Vázquez Sánchez

De 2º vogal: Estefania Veiga Garea

De 2º vogal: Andrea Villar Paz

Sección Segunda: Mesa A

Titulares:

Presidente: Lorena Quintela Rivadulla

1º vogal: Rosaura Mato Sesto

2º vogal: Javier Sebio Segade

Suplentes:

De presidente: Mónica Pardo Montero

De presidente: María Vamnesa Taboada López

De 1º vogal: José Ramón Vázquez Abollo

De 1º vogal: Mercedes Rial Andrade

De 2º vogal: Cristina Cacharron Fandiño

De 2º vogal: Daniel Castro Boo

Sección Segunda: Mesa B

Titulares:

Presidente: Mónica Martínez Lagares.

1º vogal: Andrés Pereiro Codesido

2º vogal: Diego Calvo Suarez

Suplentes:

De presidente: Javier Segade González

De presidente: Javier Pérez Grego

De 1º vogal: Alfonso Carril Sánchez

De 1º vogal: María del Carmen Mosquer Vázquez

De 2º vogal: Beatriz Fernández Balado

De 2º vogal: Daniel Agra Muiña

Sección Terceira: Mesa Única

Titulares:

Presidente: María Sonia Rodríguez Camba

1º vogal: Gael Vilela Souto

2º vogal: Sandra Veiga Castro

Suplentes:

De presidente: Ion Ander Calero Souto

De presidente: Martín López Sánchez

De 1º vogal: Belen Garea Valiño

De 1º vogal: Oscar Penas Moreira

De 2º vogal: Susana Novo Vázquez

De 2º vogal: Ivan Seoane Valiño

Sección Cuarta: Mesa Única

Titulares:

Presidente: Sandra González Taboada

1º vogal: José Rodríguez Rey

2º vogal: Victor González Conde

Suplentes:

De presidente: Ana Esperanza Villar Romaris

De presidente: Diego Pereira Pampin

De 1º vogal: Ana Balado Varela

De 1º vogal: José Luis Sánchez Quiñoy

De 2º vogal: Alberto Martín Mato García

De 2º vogal: Jesica Varela Mella.

Sección Quinta: Mesa Única

Titulares:

Presidente: Laura Segade Fernández

1º vogal: Monica Vázquez Santos

2º vogal: Daniel Barreiro Lamas

Suplentes:

De presidente: Silvia Carril Villar

De presidente: Jennifer Montañés Gil

De 1º vogal: Raquel Pérez López

De 1º vogal: Jose Antonio Rodríguez Naveiro

De 2º vogal: Daniel Codesido Pereiro

De 2º vogal: Diego Jose Lea Blanco

Sección Sétima: Mesa A

Titulares:

Presidente: María Jesus Andreade Fernández

1º vogal: Carolina García Salgado

2º vogal: Sandra Camino Novo

Suplentes:

De presidente: Lidia Fidalgo Rivas

De presidente: Laura Cao Gigirin

De 1º vogal: Lidya Castro Gabete

De 1º vogal: Alberto Alfonso Vázquez

De 2º vogal: Jonattan Curros Vázquez

De 2º vogal: Leticia Iglesias Couso

Sección Sétima: Mesa B

Titulares:

Presidente: Alberto Vázquez López
1º vogal: Javier Ignacio Pampin Budiño
2º vogal: José Luis Ramos Ferreiro

Suplentes:

De presidente: Alvaro Vilela Villar
De presidente: Lucia Sánchez Cea
De 1º vogal: Ruben Pereira Rodríguez
De 1º vogal: Ana María Rial Barreiro
De 2º vogal: Aitor Martínez Leon
De 2º vogal: Rebeca Vázquez Barca

Realizado o sorteo para a designación dos presidentes e vogais que integrarán as nove Mesas Electorais, con motivo das Eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado, que se celebraran o vindeiro día 26 de xuño.

A Corporación Municipal –por unanimidade dos trece membros asistentes (7 de AxA, 4 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCCTT)- adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar o resultado do sorteo realizado.

Segundo.- Para o suposto de que algunha das persoas que resultaron designadas, en cada unha das referidas mesas electorais, non poidera ser notificada por calquera motivo, para cubrir esa baixa efectuarase un sorteo polo mesmo procedemento informático, entre aqueles electores censados na Sección electoral correspondente, que reúnan os requisitos esixidos no artigo 26 nº 2 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

Delegando expresamente na Xunta de Goberno Local esta competencia, para que ese sorteo se realice nunha sesión pública; facendo uso así da previsión contida neste sentido na Sentencia do Tribunal Constitucional 161/2013 de 26 de setembro, como consecuencia da comunicación remitida a este Concello pola Xunta Electoral Provincial con motivo doutro proceso electoral anterior.

Punto 3º) MODIFICACIÓN DA BASE NÚMERO 53 (SUBVENCIONS NOMINATIVAS) DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO PRESENTE EXERCICIO ECONÓMICO.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 17 de maio de 2016, no seguinte sentido:

“Indica o presidente que, do que se trata neste expediente, é de incluír dúas subvencións nominativas que non estaban inicialmente previstas na Base 53ª do orzamento, así como de incrementar en 2.760 euros o importe de 3.000 euros inicialmente asignado a outra das subvencións previstas na devandita Base. As

subvencións son as seguintes:

<i>Beneficiario</i>	<i>Importe</i>	<i>Finalidade</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>
<i>ASOCIACIÓN ANTONIO GANDOY</i>	<i>1.388,30</i>	<i>Actuacións socio-educativas e atención á infancia, especialmente no ámbito rural</i>	<i>231.480.00</i>
<i>CASINO SOCIEDADE DEPORTIVA ARZUA</i>	<i>3.000</i>	<i>Campus “Insua-Quintela”</i>	<i>341.480.00</i>

E a subvención nominativa que se modifica é a seguinte:

<i>Beneficiario</i>	<i>Importe</i>	<i>Finalidade</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>
<i>ASOCIACION SOCIOCULTURAL NOSA SRA DO CARME</i>	<i>5.760</i>	<i>Organización festa patronal</i>	<i>338.480.00</i>

Deseguido interveñen:

O Sr. García Couso (de CxG) para indicar que estes importes sácanse doutro lado, e pregunta de onde.

Contesta o presidente que os importes sacanse dunha praza que non se vai convocar de auxiliar administrativo.

Indican a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) e o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP) que en principio vanse abster, e que decidirán no Pleno.

Tras o exposto o presidente desta Comisión someteu este asunto a votación ordinaria; Adoptándose -por catro votos a favor (de AxA) e catro abstencións (2 do PP, 1 de CxG e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de informar favorablemente a modificación da Base número 53ª das de execución do orzamento municipal do presente exercicio económico.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

** Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que non ten nada que engadir ao exposto na Comisión especial de contas.*

** Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que vai votar a favor, tendo en conta que se trata duns cartos que se van cambiar dunha partida para outra, porque considera que será ben empregado, para o Campus (*Insua-Quintela*) e para a organización da festa do Carme; e que descoñece o funcionamento da asociación Antonio Gandoy, da que non sabe cal é o seu ámbito de actuación.*

*Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que non ten nada que obxectar en canto a modificación proposta desda Base 53ª.

* Do Sr. alcalde, para aclarar:

-Que a Asociación Antonio Gandoy xurdiu a partir da retirada das subvencións que se viñan destinando a Preescolar na Casa; de feito moitos dos que compoñen a asociación adicábanse a prestar ese servizo.

-Que esta asociación fai servizos en varios municipios, sobre todo da provincia de Lugo, e ven a facer o mesmo que o que facía no seu día Preescolar na Casa.

Non realizándose máis intervencións, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a modificación da Base 53ª das de execución do orzamento municipal, para incluír dúas subvencións nominativas máis en dita Base: unha destinada á Asociación Antonio Gondoy e outra a Casino Sociedade Deportiva Arzúa; así como para incrementar a subvención nominativa prevista nesa Base con destino á Asociación sociocultural Nosa Señora do Carme; e iso, polos importes indicados de 1.388,30 euros, 3.000 euros e 5.760 euros, respectivamente, e para as finalidades previstas na proposta que figura no expediente.

Adoptándose -por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a proposta de modificación da Base 53ª de execución do orzamento municipal, nos termos indicados.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao disposto no artigo 177 nº 2 en relación co artigo 169 nº 1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Terceiro.- Para o suposto de que non se presenten reclamacións contra dito expediente, considerarase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 nº 1 e 3 do citado Real Decreto Lexislativo.

Cuarto.- Remitir unha copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, co obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 169 nº 4 do mesmo Real Decreto Lexislativo.

Punto 4º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO, NA MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 2/2016.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 17 de maio de 2016, no seguinte sentido:

"Explica o presidente que o importe desta modificación de créditos sae da

praza de auxiliar administrativo que non se convoca.

Toma a palabra o Sr. García Couso (de CxG) para comentar que é unha mágoa que se supriman prazas, aínda que iso é unha decisión política, e pregunta se para celebrar a festa do Carme non había orzamentada algunha subvención anterior.

Indica o presidente que había orzamentados 3.000 euros, que agora pasan a 5.760 euros.

Continúa o Sr. García Couso coa súa intervención para indicar que lle parece ben que se faga a festa do Carme, e supón que estará xustificando a perda desa praza.

Pregunta a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) ¿por que non se vai convocar esa praza de auxiliar administrativo?

Indica o presidente que el non o sabe exactamente, e que se poderá explicar esa cuestión na sesión do Pleno.

Indica o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP) que se van abster, e que se pronunciarán no Pleno.

Tras o exposto o presidente desta Comisión someteu este asunto a votación ordinaria; Adoptándose -por catro votos a favor (de AxA) e catro abstencións (2 do PP, 1 de CxG e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de informar favorablemente o expediente de modificación de crédito, na modalidade transferencia de crédito 2/2016."

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que non ten nada que engadir neste asunto.

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que vai votar a favor.

* Do Sr. alcalde para expresar que, en relación coa dúbida que se formulou na sesión da Comisión especial de Contas, ten que dicir que non se trata de que se vaia a suprimir ningunha praza de persoal, senón de que -neste ano- non se vai convocar esa praza, e -para o vindeiro ano- pode volver a estar dotada no orzamento municipal coa consignación que se aprobe.

Non realizándose mais intervencións, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a proposta de modificación de créditos, na modalidade de transferencia de crédito, a que se refire o expediente tramitado, para poder dotar de máis crédito as tres aplicacións orzamentarias referidas no punto anterior da Orde do día desta sesión.

Adoptándose -por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a proposta de modificación de créditos, na modalidade de transferencia de crédito, nos termos indicados.

Segundo.- Continuar a tramitación do referido expediente, coa súa exposición ao público por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao disposto no artigo 117 nº 2 en relación co artigo 169 nº 1, do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que -no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente- considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 nº 1 e 3 do citado Real Decreto Lexislativo; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de como quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, por razón do suplemento de crédito agora aprobado, a efectos de que poida entrar en vigor.

Cuarto.- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Lexislativo 2/2004, remítase copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Punto 5º) ***RESOLUCIÓN DAS ALEGACIONES PRESENTADAS POLA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DA COMARCA DE ARZÚA, CONTRA A ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS E OUTROS ELEMENTOS AUXILIARES EN TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 17 de maio de 2016; no seguinte sentido:

“Explica a presidenta:

- Que con respecto ás alegacións presentadas pola Asociación de empresarios, o concello encargou que se fixera un informe contestando básicamente as alegacións que se refiren ao artigo 5 da ordenanza.

- Que esta ordenanza xa leva tempo en vigor e que no momento en que se aprobou non presentaron ningún tipo de alegacións, aproveitando que se modificou o artigo 5 para presentar alegacións ao resto da ordenanza.

- Que o informe vai dirixido mais ben as alegacións que se fan con respecto ao artigo 5 da ordenanza, lendo o informe no apartado que fai referencia a ese artigo, cuxo contido é o seguinte:

“Na alegación primeira coméntase que a ordenanza non regula un procedemento claro que determine as condicións de ocupación dos espazos de dominio público, entendendo que a regulación é moi difusa. Póñense como exemplos os artigos 4.5 (que alude ao mobiliario); 5.4 (relativo á autorización de instalación de estruturas para soporte de toldos verticais curta ventos con

ancoraxes ao chan) e 7.2 (referido ás condicións estéticas e técnicas da instalación). En todos estes artigos utilízase a expresión "poderá esixirse" ou "poderá autorizarse".

Por parte do concello non se considera que o procedemento e as condicións non sexan claros, nin que a regulación sexa difusa.

No artigo 5 relativo ao mobiliario establécense nos apartados 1º, 2º, 3º, 4º e 6º uns requisitos claros, concretos e precisos, que non admiten ningún tipo de discrecionalidade. Tan só nese apartado 5º (dos seis que ten o artigo) se permite un certo marxe de discrecionalidade, precisamente porque se trata de establecementos ubicados nun ámbito urbano semellante, aos que se lle "poderá esixir" que o mobiliario se axuste a determinadas condicións estéticas e de uniformidade, e iso atendendo ás circunstancias do caso concreto, que serán as que determinarán si se lles esixen ou non.

O mesmo argumento cabe aplicar nos supostos contemplados nos artigos 5 e 7, relativos aos toldos e ás instalacións eléctricas, respectivamente. Permítese certo marxe de discrecionalidade, pero de forma excepcional e debidamente motivada, para mellor adaptarse a aplicación da ordenanza as singularidades que podan existir nalgúns casos concretos.

Por isto compre deixar clara a distinción entre discrecionalidade e arbitrariedade. A discrecionalidade implica exercicio de potestades previstas na lei, pero con certa liberdade, escollendo a Administración a opción que mais lle conveña. Neste caso, a Administración toma a súa decisión aplicando o criterio que crea mais xusto á situación concreta, observando en todo caso criterios legais, e sobre todo, entendendo que a solución que se adopte debe necesariamente cumprir a finalidade considerada pola lei e en último caso, a finalidade pública da utilidade ou interese xeral. Polo contrario, a arbitrariedade caracterízase polo capricho de quen ostenta o poder, en determinados casos, en contra do principio constitucional de seguridade xurídica. O elemento que permite diferenciar entre unha e outra potestade é a motivación. Por iso as decisións que adopte o Concello nestes casos deberán ser motivadas e adoptarse con carácter excepcional, o que non significa que sexan escuras, difusas ou arbitrarias."

Engadindo a presidenta que as demais alegacións contestanse pero non van pasar a valoralas, porque esas alegacións teríanse que facer no primeiro momento en que se aprobou a ordenanza.

*Deseguido intervén o Sr. García Couso (CxG) para indicar:

- Que non entende o que significa discrecionalidade e pregunta, quen vai decidir se se aceptan ou non esas modificacións que se consideran discrecionais e non arbitrarias.

- Que non sabe se o motivo de responder a todas as alegacións e debido ao que se aprobou no último Pleno da modificación do artigo 5, pero o escrito e o texto era de

toda a ordenanza, polo tanto pregunta, se están en prazo legalmente as alegacións aos demais artigos.

Contesta a secretaria da Comisión:

-Que o punto que se tratou e aprobou no Pleno anterior foi a modificación do artigo 5 da ordenanza. Que cando chegaron as alegacións dubidouse se contestalas o non, porque non só se centraban no artigo 5 senón tamén noutras cuestións ao marxe dese artigo que se consideraron moi xenéricas.

-Que por parte do goberno municipal decidiuse que se contestara todo o escrito de alegacións presentado, e que como había uns aspectos mais técnicos referidos as ancorases, mobiliario ou publicidade, esta parte técnica encargouse ao arquitecto técnico municipal, e que no tocante os aspectos mais xurídicos encargouse un informe a técnica de administración xeral. Xuntando os dous informes pódense dar por contestadas as alegacións unha por unha, as que son de contido mais técnico polo arquitecto técnico e as que teñen un perfil xurídico pola técnica de administración xeral, que foron os dous traballadores municipais encargados da elaboración da ordenanza, baixo a supervisión do equipo de goberno.

- Que as alegacións da AECA aludían, por exemplo, a que algúns artigos da ordenanza, como por exemplo o artigo 4, relativo ao mobiliario, eran moi difusos. No informe que se me encargou reflexo que este artigo en concreto ten seis apartados, en cinco deles establécese unha regulación pechada e pormenorizada, quedando claro o que se pode e non de pode colocar na rúa, e só nun apartado deste artigo, o quinto, se contempla unha excepción, relativa a supostos en que por razóns de estética ou uniformidade se lle podera esixir aos locais ou establecementos un mobiliario de determinadas características atendendo ao interese xeral, por exemplo si se trata do Camiño de Santiago, e isto non se pode regular de forma específica na ordenanza porque haberá que mirar de que entorno se trata, cantos establecementos hai e valorar o caso concreto. Por eso non se está de acordo en que nas alegacións presentadas se diga que ese artigo, por exemplo, é difuso, cando consta de 6 apartados e so nun deles se permite ese tipo de discrecionalidade .

- Que arbitrariedade e actuar con abuso de poder ao marxe da lei e discrecionalidade e sempre dentro da lei, pero cun certo marxe de actuación a criterio dos gobernantes, eso sí, de forma sempre motivada, que o que diferencia a discrecionalidade da arbitrariedade, que carece polo tanto dunha motivación conforme a dereito.

** Indica a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) que ten que mirar a documentación tanto das alegacións da Asociación de empresarios como as contestacións do concello, e polo tanto vaise abster.*

** Indica a Sr. García Rodríguez (do PP) que tamén se reservarán para o Pleno para poder estudar ben o tema.*

Tras o exposto, a presidenta desta Comisión someteu este asunto a votación ordinaria; adoptándose por tres votos a favor (de AxA) e catro adstencións (2 PP, 1 CxG e 1 do PSdeG-PSOE), o pronunciamento de propoñer ao Pleno do Concello a resolución das alegacións presentadas pola Asociación de empresarios da Comarca de

Arzúa, contra a ordenanza reguladora da instalación de terrazas e outros elementos auxiliares, en terreos de dominio público municipal.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que entende que os hosteleiros fixeran estas alegacións, e que tamén considera que as terrazas teñen que estar reguladas, sobre todo por estética.

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que pediría unha aclaración para saber se o voto é a favor do recurso que presenta a Asociación de empresarios ou en contra.

Trasladada esta cuestión ao secretario, por este funcionario infórmase que -aínda que non estivo presente na sesión que celebrou a Comisión informativa para Asuntos do Pleno onde se tratou este asunto- entende que as alegacións que hai que resolver son as que se refíren ao novo artigo 5 resultante da única modificación da ordenanza anterior.

Pregunta o Sr. García Couso ¿Se votamos a favor, entón apróbase o recurso á alegación que presenta a Asociación de hosteleiros?

Manifesta o secretario que non hai ningún recurso, só hai alegacións.

Indica o Sr. García Couso que, ao final do escrito hai un texto no que a Asociación de empresarios di que solicitan que se inicie a tramitación dunha nova ordenanza en colaboración cos hosteleiros e o goberno municipal.

Lembra o secretario que este punto da orde do día refírese á resolución de alegacións; en consecuencia o que procede é admitilas ou rexeitalas, tendo en conta os informes emitidos por Marta (técnica de Administración Xeral) e Luis Fole (arquitecto técnico).

Manifesta o Sr. García Couso que se a Comisión informativa votou a favor terían que cambiar o voto, porque se votástedes a favor das alegacións estades de acordo.

Expresa o secretario que se está dando a entender, polos que presentaron o escrito de alegacións, que se van a estimar as alegacións, de ahí que digan que se ten que consensuar unha nova ordnanza, pero se se teñen en conta os informes emitidos non poderían ser estimadas.

Volve a intervir o Sr. García Couso para expoñer que vai votar favorablemente por varios motivos:

- Porque non considera que sexa motivo de rexeitamento uns informes municipais, e precisamente emitidos polos técnicos encargados de redactar a

ordenanza, xa que son informes de parte e a quen lle corresponde a decisión é ao equipo político e non ao técnico.

- Porque, segundo información dos hosteleiros afectados negativamente por esta ordenanza, se lles indicou que pasaran pola Alcaldía para ver como se podía arranxar o seu.

- Porque a alegación que presenta a Asociación de hosteleiros non pide cambios na ordenanza, senón que se inicie a redacción dunha nova, na que eles poidan participar, e cre que na política é fundamental a participación dos sectores afectados e non val só con palabras senón con feitos.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que é necesario unha regulación das terrazas, para que nos poidamos entender os viandantes cos hosteleiros, porque un sector tan afectado como os hosteleiros tiña que ser parte activa na formulación dos novos regulamentos; entón el vai a apoiar ao sector hosteleiro, para que renegocie a formación da ordenanza de terrazas.

* Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que este tema esta mais que falado; parte da situación de que o equipo de goberno se atopaba cun problema do que todos somos conscientes, e entón había que sacar unha regulación para solucionar ese problema.

- Que se algo de subxectivo ten esto é que o equipo de goberno cre que hai cousas, que por moi molestas que resulten, son beneficiosas para todo o mundo; o que non é beneficioso é ver como na maioría dos concellos do Camiño Francés non hai ningún tipo de regulación con respecto a este tema, nin con respecto a outros. Vense terrazas en todos os sitios, polas beirarrúas, e todos coñecemos exemplos tanto en Arzúa como en concellos do arredor; igual que os letreiros etc...

E consideramos que un pobo ordenado e limpo, sen ningún tipo de trabas para os viandantes, redonda nunha imaxe turística mellor; por eso decidiuse poñer orde no problema que estaba habendo; e é certo que se produce unha situación inxusta á que hai que poñer coto, xa que uns estaban regularizados e outros non, e tamén é responsabilidade do equipo de goberno acometer ese asunto.

- Que parece que en Arzúa se aprobou unha ordenanza das terrazas completamente subrealista, e trátase dunha ordenanza como a maioría das ordenanzas do resto dos concellos, practicamente son todas iguais, algunhas delas especificando segundo que os concellos estean na costa ou no interior.

- Que se estivo mirando algunhas desas ordenanzas, e son moi iguais porque moitas das cousas xa veñen reguladas na lei e non a criterio subxectivo dos técnicos nin do equipo de goberno.

- Que se cre que é responsabilidade dos técnicos do concello facer un informe, porque no equipo de goberno somos sete persoas, e cada unha sabe da súa profesión, polo que é normal que se pida informe aos técnicos sobre as cousas que non se controlan e, en consecuencia, terán que ser os propios técnicos que elaboraron a ordenanza quen teña que responder ás alegacións.

- Que pola Alcaldía viñeron algúns membros da Asociación de empresarios, e había discrepancia tamén entre eles, porque algúns vían moi ben que se aplique a ordenanza, e resulta que ningún dos hosteleiros cos que falou estaba en contra da

ordenanza, sobre todo aqueles que tiñan xa licenza e se consideran afectados porque outros non a teñen.

- Que todo o mundo tiña coñecemento de que se estaba elaborando dita ordenanza, a Asociación de empresarios sabíao desde o primeiro momento, e ningún incorporou nada nin se molestou en participar, nin ninguén fixo alegacións a primeira vez que se aprobou a ordenanza; foi agora, cando se apremiou un pouco para poñerla en funcionamento, cando se fixeron alegacións, e as alegacións fixéronse pola presión dalgunha xente que pensa que se vai ver afectada á hora de regularizar a súa terraza.

* Do Sr. García Couso para expresar que aquí se nos di que os concellos non teñen ordenanzas, e tamén se di que se copia doutros concellos; hai entón unha contradicción.

* Intervén o Sr. alcalde para matizar que non é que a ordenación se copiara doutros concellos, senón que se miraron outras ordenanzas.

Continúa o Sr. García Couso coa súa exposición para expresar:

- Que se falou de que esta ordenanza está inspirada ou copiada por unha de Coristanco e pregunta ¿en cales ordenanzas se inspirou?, porque a ordenanza tería que ter características propias dunha vila dun concello rural, centro dos camiños de Santiago.

- Que se nos di que todos os hosteleiros estaban de acordo coa ordenanza, e pregunta ¿entón para que fan a alegación?

* Do Sr. alcalde para expresar:

- Que as súas palabras foron “todos os hosteleiros cos que falou”; Ignacio sempre lle das voltas ás cousas.

- Que remítoche ao artigo de La Voz de Galicia que se titulaba “as terrazas en Galicia ao marxe da lei”; alí aparece unha relación de concellos onde existe a ordenanza e non se aplica. Esta ordenanza, -se a listes-, non esta ordenando as terrazas na praia, senón que fai referencia ao Camiño de Santiago que é o que temos.

* Do Sr. García Couso para manifestar que non está en contra da ordenación das terrazas, nin da alegación presentada que pide a elaboración dunha ordenanza; porque podemos non estar a favor da lei que se pretende impoñer.

* Do Sr. alcalde para expresar que quen goberna ten que gobernar, e gobernar consiste en tratar de ordenar algo, intentar dar solución a un problema, este de acordo o 50% ou o 100%, como foi o caso do Plan Xeral, que se aprobou aínda que non había un 100% do acordo. Neste caso haberá xente que se vexa afectada, porque agora está ocupando toda a beirarrúa e despois non a poderá ocupar.

* Preguntado o secretario polo sentido do voto á hora de adoptar este acordo, por dito funcionario índicase que considera que o que hai que dicidir é sobre as alegacións que se refiren á modificación do artigo 5 da ordenanza primeira.

* Matiza o Sr. alcalde que o que hai que votar será se se entende que a redacción dese artigo é ou non difusa.

* Manifestando o Sr. García Couso que entende que habería que votar a favor ou en contra da petición que realiza a Asociación de empresarios de que se elabore unha nova ordenanza.

* Manifesta o secretario que esa cuestión non vén a conto agora, porque se esta dando por sentado que se van a estimar as alegacións, e á vista do informe dos técnicos non sería así, porque as alegacións deberían centrarse unicamente na redacción do artigo 5 da ordenanza.

*Intervén a presidenta da Comisión informativa para Asuntos do Pleno, Sr. Varela Duro, para puntualizar que na sesión que celebrou dita comisión o día 27 de maio, onde se tratou deste asunto, dixo que a alegación que se ía a ter en conta era a que fai referencia ao artigo 5 da ordenanza, e que o resto das alegacións se contestaban -no informe emitido- por cortesía, proque esas alegacións refírense á anterior ordenanza que xa estaba aprobada.

Facendo referencia tamén a Sra. Varela Duro á manifestación que realizou ao respecto, en dita sesión, a secretaria desa comisión.

* Do Sr. alcalde para indicar que o que din as alegacións con respecto ao artigo 5, que se modificou, é que a regulación do procedemento para a instalación dos toldos é moi difusa, pero no informe emitido concrétase que non é así.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria as alegacións que presentara a Asociación de empresarios contra a nova redacción do artigo 5 da ordenanza reguladora da instalación de terrazas e outros elementos auxiliares en terreos de dominio público municipal; sen ter en conta as restantes alegacións presentadas contra dita ordenanza.

Adoptándose -por sete votos a favor (de AxA) e seis abstencións (4 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT)- o acordo de desestimar as alegacións presentadas pola Asociación de empresarios en relación co referido artigo 5 da ordenanza reguladora da instalación de terrazas e outros elementos auxiliares en terreos de dominio público municipal; e, en consecuencia, continuar coa tramitación do expediente, realizando os trámites previstos no artigo 65 nº 2 en relación co artigo 70 nº 2 da lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ata a publicación do texto íntegro de dita ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, para que poida entrar en vigor.

E non habendo mais asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dase por rematado o acto; levantándose a sesión as 21.25 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que queda autorizada coas sinaturas do alcalde e do secretario que certifica.

